



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez** e do deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao arranxo das deficiencias da EDAR de cabo Prioriño.

Exposición de motivos

A EDAR de cabo Prioriño non funciona, ou faino de xeito pésimo. Descubrímolos trala visita da alcaldía á devandita planta. Ate entón xogábase a enganar a cidadanía dende a empresa privada e a Xunta de Galicia. Agora sabemos que a súa xestión pode caracterizarse como fraudulenta, porque non depura que é a finalidade desa infraestrutura e porque veu apropiándose duns ingresos -por unha taxa imposta cos votos do PP- por un servizo público que non presta.

Logo da esixencia efectuada pola alcaldía de Ferrol para pór punto final a esta fraude, coñecer todos os pormenores do funcionamento da planta e da depuración das responsabilidades a que haxa lugar, xa sabemos que será precisa un investimento de 550.000 euros para solucionar as deficiencias que arrastra a planta.

Deficiencias que se comunican entre a parte privada da empresa Emafesa e Augas de Galicia neste tramo final do verán, sen que o concello de Ferrol sexa informado das mesmas. Deficiencias que terían que ter sido subsanadas antes da recepción da obra pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e logo cando se cede a Augas de Galicia.

Polo sinalado o grupo parlamentar da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a achegar, con independencia das actuacións que realice respecto a UTE que realizou a obra, os fondos suficientes para arranxar as deficiencias que padece a EDAR de cabo Prioriño.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a facer pública toda a documentación referida a planta, a partires da súa entrega á Xunta de Galicia mediante convenio asinado entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Augas de Galicia e ate o presente, incluída a documentación xerada a partires da sinatura do convenio de colaboración asinado o 9 de xuño do 2014 por Augas de Galicia e o concello de Ferrol.

En Compostela, a 4 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 04/09/2015 10:37:01

Anton Sánchez García na data 04/09/2015 10:37:05